



## CONVOCATORIA MOBILIDADES DE LONGA DURACIÓN - ERASMUS+

CURSO 2023/24

**2 prazas para alumnas de 4º da ESO**

2022-1-ES01-KA121-SCH-000058330

### OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao alumnado de 4º ESO do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades de longa duración Erasmus+ que se realizarán durante o curso 23/24. Debido a que o centro educativo de acollida é un centro feminino, as prazas que se convocan nesta mobilidade son exclusivamente para alumnas.

As mobilidades de longa duración permiten aos estudantes desenvolver a comprensión da diversidade de culturas e linguas europeas, ao tempo que lles axudan a adquirir as competencias necesarias para o seu desenvolvemento persoal.

### PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o mércores día 13 de decembro de 2023**, data da publicación desta convocatoria, **ata o luns día 18 de decembro**, ambos inclusive.

### SOLICITUDES:

Para poder participar nas mobilidades Erasmus+ do presente curso 2023/24:

1. Será necesario cumplimentar durante o prazo designado, o [formulario](#) elaborado para tal fin.  
(Tamén se pode acceder mediante o QR que se atopa na última páxina da convocatoria).
2. Superar o proceso selectivo.

### REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- O alumnado interesado deberá estar matriculado/a en 4º da ESO do IES JOHAN CARBALLEIRA.
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.
- O/a estudante deberá ter un grao de madurez axeitado, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito esta experiencia.

### CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Quedarán excluídos do proceso de selección:

- As persoas que non cumplan os requisitos da convocatoria.
- O alumnado que teña sido obxecto de expulsión temporal do centro ou acumulara 2 ou máis faltas de orde dende setembro de 2023.
- As persoas que non presenten o formulario de solicitude nos prazos indicados sen causa legalmente xustificada.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Johan Carballeira**  
r/ StaffanMörling, 4  
36930 Bueu, Pontevedra

Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea





## FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	2 ptos	Valorarase obtendo a nota media final obtida no curso anterior do seguinte xeito: Entre 9,51 e 10: 2 ptos Entre 9 e 9,5: 1,5 pto 8 ou máis: 1 pto
Competencia lingüística en idiomas estranxeiros	3 ptos	Valorarase obtendo a nota final obtida na materia da 1ª lingua estranxeira 10: 1 pto 9: 0,75 ptos 8: 0,5 ptos Valorarase obtendo a nota final obtida na materia da 2ª lingua estranxeira 10: 1 pto 9: 0,75 ptos 8: 0,5 ptos <b>A maiores unha acreditación oficial* sumará:</b> Nivel Competencia B2 ou superior: 1 punto Nivel de Competencia B1: 0,5 puntos Nivel de Competencia A2: 0,25 puntos
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade mediante cuestionario.	2 pts	Cuestionario realizado polo profesorado e valorado polo Comité de Avaliación de mobilidades (competencias sociais e comunicativas, autonomía persoal, traballo en equipo, facilidade para adaptarse a distintas situacións, compromiso coas tarefas, puntualidade, implicación en actividades...).
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade mediante entrevista no idioma do país de destino.	3 pts	Entrevista realizada en inglés por un ou máis membros do Comité de Valoración de Mobilidades Erasmus+ do IES Johan Carballeira (motivación, fluidez e capacidade de comprensión no idioma do país de destino,...)

\* A documentación oficial que acredite o nivel de idioma, enviarase ao enderezo electrónico: [p-internacionais@iesjohancarballeira.com](mailto:p-internacionais@iesjohancarballeira.com) entre o 13 e o 18 de decembro, ambos incluídos.



## COMITÉ DE AVALIACIÓN

A Comité que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS+ para as MOBILIDADES ERASMUS+ estará constituída por:

- Un membro do equipo directivo.
- Dous membros do equipo de programas internacionais.
- Un docente de Linguas Estranxeiras.

## PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS.

Vistos os resultados do proceso selectivo, o Comité de Valoración confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

O resultado farase público no taboleiro de anuncios do centro e na web o **martes 19 de decembro de 2023**.

Poderanse remitir **alegacións** a esta listaxe ata as **23.59h do mércores 20 de decembro do 2023**. Unha vez rematado o período de alegacións, o **xoves 21 de decembro de 2023**, farase pública a **listaxe definitiva** nos mesmos lugares que a listaxe provisional.



Enlace ao [formulario](#)